



Concello do Porriño

Concello do Porriño  
**TABOLEIRO DE EDICTOS MUNICIPALES**

DOCUMENTO:

Data inicio de exposición: 27-02-2024

Data final de exposición: 27-04-2024

O Porriño, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

## ANUNCIO

Con data 23/02/2024 o Sr. alcalde do Concello do Porriño ditou o Decreto número 2024-0597 de data que literalmente di:

### ““DECRETO DE MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DO PORRIÑO, (PONTEVEDRA)””

**EXPEDIENTE 4267/2023**

#### **ANTECEDENTES**

1. Escrito de data 16/01/2024, rexistrado de saída co número 2024-S-RE-274, mediante o cal se requiriu a MIRIAN RODRÍGUEZ SIERRA para que, de conformidade co establecido no artigo 5 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, procedese a acreditar que está facultada para interpor o RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN, en nome e representación do COLEXIO DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA (que presentou mediante escrito rexistrado co núm. 2024-E-RE-249 en data 15/01/2024) fronte as Bases para a selección e contratación de dous/as técnicos/as de orientación laboral, asimilados ao Grupo 2, a xornada completa de 37,5 horas semanais, mediante a modalidade de contrato de traballo para a mellora da ocupabilidade e da inserción laboral, código 405, para a execución do programa de carácter temporal de duración determinada que non poderá exceder de 12 meses, denominado “PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO DO CONCELLO DO PORRIÑO 2023/24”, aprobadas por Resolución da alcaldía publicada o día 26/12/2023.

No citado recurso se solicita: Que tendo por presentado este escrito, sírvase admitilo, e téñase por interposto en tempo e forma RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN fronte as Bases do proceso de selección de dous/as técnicos/as de Orientación Laboral no Concello do Porriño, ditando no seu día Resolución pola que se declare a NULIDADE DA BASE QUINTA, apartado G, e a SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO ACTO IMPUGNADO

2. Escrito de data 25/01/2024, rexistrado de entrada co núm. 2024-E-RE-529, formulado por MIRIAN RODRÍGUEZ SIERRA no que manifesta que sendo notificado en data 16 de xaneiro de 2024 requirimento de emenda efectuado dende Alcaldía do Concello do Porriño, por medio do presente escrito e dentro do prazo legal establecido ao efecto, aporta certificado expedido pola Xefe do Servizo de Entidades Xurídicas e Corporativas da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, coas facultades inherentes ao devandito cargo que constan no artigo 40 do Decreto 47/2017, do 27 de abril, polo que se aproban os Estatutos do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia, para acreditar que Miriam Rodríguez Sierra ostenta o cargo de Presidenta do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia.

O certificado que achega di: Que segundo os datos que constan no Rexistro de Colexios Profesionais e Consellos Galegos de Colexios Profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia figura inscrito na **sección 2, co núm. 10**, e que a composición do seu **órgano de dirección** é a seguinte:

Presidenta: Miran Rodríguez Sierra.

(...)

3. En data 30/01/2024 concedeuse trámite de audiencia aos interesados de conformidade coas previsións do artigo 118.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), para que puidera aportar as alegacións,

Cod. Validación: 9KCY23DCWSXEW4ENAHK6Q6ET  
Corrección: <https://oporriño.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 4





Concello do Porriño

documentos e xustificacións que estimen procedentes, presentándose por dúas persoas, que a continuación se dirán, que non teñen a condición de interesado por non haberse presentado ao proceso selección regulado polas bases obxecto do recurso de reposición, os seguintes escritos:

-Escrito de data 05/02/2024, rexistrado de entrada co núm. 2024-E-RE-803, presentado por IRIS SESTELO FIGUEROA no que manifesta o seu apio ao recurso de reposición.

-Escrito de data 05/02/2024, rexistrado de entrada co núm. 2024-E-RE-803, presentado por LAURA GARCÍA DÍAZ no que manifesta o seu apio ao recurso de reposición.

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

**PRIMEIRA.** Os Estatutos do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia, aprobados por Decreto 47/2017, establecen:

No artigo 29 que os órganos de representación, goberno e administración do colexio serán os seguintes:

- Asemblea Xeral, como órgano plenario.
- Xunta de Goberno, como órgano de goberno.
- Presidencia, como órgano presidencial.

No artigo 33.9 e 10 que son **funcións da Asemblea Xeral:**

-A elección do órgano de goberno e da **presidencia**, e a súa remoción por medio da moción de censura.

-A aprobación da xestión do órgano de goberno e da presidencia.

No artigo 34 que:

1. A Xunta de Goberno é o **órgano colexial representativo** e executivo ao cal corresponde o goberno e administración do Colexio, conforme a legalidade vixente e os estatutos colexiais.

2. A Xunta de Goberno estará constituída por: a) **Un/unha presidente/a, que terá a representación legal do colexio profesional**, ademais das funcións que lle encomenden os estatutos, e poderá tamén recibir a denominación de decano ou calquera outra que lle outorguen os estatutos impliquen incluso o seu enbedamento ou a obtención de avais, e iso dentro dos límites fixados estatutariamente. Esta facultade pode ser delegada na Presidencia.

No artigo 37 que serán **funcións da Xunta de Goberno:**

1. **Exercer a representación do colexio.**

(...)

4. Representar os intereses profesionais cerca dos poderes públicos, así como velar polo prestixio da profesión e a defensa dos seus dereitos.

(...)

17. Tomar todo tipo de acordos dirixidos ao cumprimento dos fins e funcións do Colexio sempre que non estean expresamente atribuídos á Asemblea Xeral ou á Presidencia do Colexio, e ordenar o procedente para que sexan executados. **Expresamente**, e a modo meramente enunciativo, **corresponde á Xunta de Goberno acordar a presentación de escritos, reclamacións, solicitudes, demandas e recursos, xudicial ou extraxudicialmente, e en defensa dos intereses dos colexiados, o Colexio ou a profesión.** Igualmente, corresponde á Xunta de Goberno a





## Concello do Porriño

facultade de acordar ou asumir compromisos en nome do Colexio, que impliquen incluso o seu endebedamento ou a obtención de avais, e iso dentro dos límites fixados estatutariamente. Esta facultade pode ser delegada na Presidencia.

No artigo 40. **Serán funcións da Presidencia, que ten a representación do colexio**, executa os acordos do órgano de goberno e exerce cantas facultades e funcións lle confiren os estatutos e a normativa vixente, as seguintes:

1. Presidir as xuntas de goberno e asembleas xerais ordinarias e extraordinarias.
2. **Representar o Colexio nas súas relacións cos poderes públicos, entidades e corporacións de calquera tipo**, así como persoas físicas e xurídicas, ou delegar esa representación.
3. Asistir como representante do Colexio ás asembleas do Consello Xeral ou nomear a persoa en que delega.

**SEGUNDA.** Que dos preceptos citados NON se pode deducir que MIRIAN RODRÍGUEZ SIERRA sexa a presidenta do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia e ostente a representación para interpor o citado recurso de reposición (artigo 5.3 LPACAP), ao non haber aportado:

-O correspondente acordo da Asemblea mediante o cal foi elixida presidenta.

-O acordo polo que foi nomeada presidenta da Xunta de Goberno para acreditar que ostenta a representación legal do devandito colexio.

-O acordo da Xunta de Goberno que lle facultou para presentar o recurso potestativo de reposición fronte as citadas Bases do proceso de selección de dous/as técnicos/as de Orientación Laboral no Concello do Porriño.

**TERCEIRA.** Que polo exposto non se pode dar por acreditado que MIRIAN RODRÍGUEZ SIERRA estea facultada para interpoñer o citado recurso de reposición.

**CUARTA.** A maior abastamento cabe dicir que na base 5ª requisitos dos aspirantes no apartado G) titulación literalmente di:

*“Posuír como mínimo algunha das seguintes titulacións: Diplomado/a ou graduado/a en Psicología, Pedagogía, Psicopedagogía, Sociología/Ciencias políticas e Sociología (Secc. Sociología), Ciencias do Traballo, Relacións Laborais e Recursos Humanos/Relacións Laborais;/ Graduada/o Social, Diplomado/a, ou graduado/a en Dereito, Economía, Administración e Dirección de Empresas, Ciencias Empresariais, Educación Social.”*

Ao dicir a citada base “**posuír como mínimo**” hai que interpretar non establece un *numerus clausus* se non un *numerus apertus* de titulacións que permite a presentación tamén da titulación de Traballo Social e proba desta interpretación non limitativa e que na lista definitiva de admitidos figuran unha aspirante que posúe tal titulación de diplomada en traballo social.

Polo exposto de conformidade co disposto no artigo 5.3 3 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e co informe do secretario que consta no expediente, esta Alcaldía,

**RESOLVE:**





Concello do Porriño

**Primeiro.-** INADMITIR o devandito recurso de reposición interposto por MIRIAN RODRÍGUEZ SIERRA por non estar lexitimada para elo e, en consecuencia, INADMITIR tamén a solicitude de suspensión do acto impugnado solicitada mediante outrosi digo do propio recurso.

**Segundo.-** INADMITIR os escritos de apoio ao citado recurso de reposición formulados por IRIS SESTELO FIGUEROA e por LAURA GARCÍA DÍAZ toda vez non están lexitimadas para isto ao non haberse presentado ao proceso selección regulado polas bases obxecto do recurso de reposición.

**Segundo.-** Notificar esta resolución a MIRIAN RODRÍGUEZ SIERRA, a IRIS SESTELO FIGUEROA e a LAURA GARCÍA DÍAZ, e publicala simultaneamente no taboleiro de anuncios da Sede electrónica <https://oporrino.sedelectronica.gal>, no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño e na páxina web [www.oporrino.org](http://www.oporrino.org) do Concello do Porriño.””

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da súa notificación da resolución, ante a Xulgado do contencioso administrativo de Pontevedra, de acordo co previsto nos artigos 8 a 10 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

**Documento asinado dixitalmente ao marxe.  
O Alcalde.**

